



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 19 de decembro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 20:50 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D^a Mercedes Giráldez Santos.

SUPLENTES: D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 28 DE NOVEMBRO E 5 DE DECEMBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 28 de novembro e 5 de decembro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DA RÚA CANABÉS DE ARRIBA

Visto o informe emitido o día 15.12.2016 pola Policía Local, referente a sinalización da rúa Canabés de Arriba, que é como segue:



Concello de Cangas

"Nº REX. 2368/16

O departamento de sinalización da Policía Local do Concello de Cangas, por medio do presente, informan:

Que a mencionada rúa se atopa sen saída, polo que desde este departamento se propón a sinalización adecuada: SINAL VERTICAL DE RÚA SEN SAÍDA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, referente a sinalización da rúa Canabés de Arriba.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advérteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.



Concello de Cangas

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.793.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.664.- A N.A.N., con enderezo en Baixada a Areamilla, nº 28-1º-Balea, modifícaselle a referida licenza para vivenda sita na Praza do Arco, nº 4-Cangas, para reformar o primeiro andar en 80,20 m²., e o baixo cuberta en 63,60 m²., de conformidade co proxecto elaborado polos arquitectos R.O.S. e J.A.F.M., visado en data 6 de



Concello de Cangas

outubro de 2016, cuxo presuposto ascende a trinta e oito mil cincuenta e un euros con nove céntimos (38.051,09 €).

3.A.2) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS OU A SÚA INNECESARIEDADE

EXPEDIENTE Nº 26.142.- SOLICITUDE DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE PARCELACIÓN URBANÍSTICA PETICIONADA POR JOSE CARLOS CARREÑA HERNÁNDEZ

A Xunta de Goberno Local, acorda declarar a innecesariedade de licenza municipal de parcelación urbanística solicitada por J.C.C.H., con enderezo a efectos de notificacións na Serra de Nacente, nº 13-D-Darbo, para a división da parcela matriz sita en Avda. de Moaña, nº 17 e rúa Derribo, nº 16-Cangas, en dúas parcelas resultantes, que son as existentes, como así recolleu o Plan Especial de Reforma Interior con fichas individualizadas para cada unha delas, contando con acceso propio desde a vía pública e sendo susceptibles de uso e aproveitamento independente. O artigo 18 do PEPRI sinala que: "*O parcelario se manterá a efectos de rexistro*" de acordo co proxecto elaborado polo arquitecto J.R.L. de setembro de 2016, por canto os lotes resultantes desta cumpren coa lexislación aplicable e coa ordenación territorial e urbanística, non dando lugar ó fraccionamento dos terreos a novos asentamentos, e cumprindo o establecido no artigo 15 do PEPRI que sinala que: "*O parcelario se manterá a efectos de rexistro*".

** Parcela 1: referencia catastral 7693420NG1779S QUE CONTA CON 354,85 m2 (cualificación urbanística PEPRI).*

** Parcela 2: referencia catastral 7693401NG1779S QUE CONTA CON 1.637,90 m2 (cualificación urbanística PEPRI).*

A declaración de innecesariedade de licenza de parcelación enténdese outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licencias de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).



Concello de Cangas

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 26.116.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio en Travesía de Vigo, 204-36207-Vigo e no seu nome e representación, Fernando Val López, para no lugar da Estrada do Viso - O Hío, executar unha RBTS (SDG 248315100123), de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de catrocentos trinta e tres euros con cincuenta e oito céntimos (433,58 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.



Concello de Cangas

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.173.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio en Travesía de Vigo, 204-36207-Vigo e no seu nome e representación Fernando Val López, para no lugar de Outeiro-Coiro, substituír poste nº 1-11 de L.M.T.S. CII818 (SDG 2483150500983002), de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.



Concello de Cangas

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 26.120.- A A.C.C., para cerramento de parcela no Camiño do Souto, nº 34-San Pedro-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.127.- A C.R.B.C., para conservación e mantemento do camiño de acceso en Vilanova-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.146.- A J.I.M.S., para colocación casetas de plástico en rúa David Cal, nº 30-Vilariño-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.147.- A EL MACAO DE CANGAS SL, para acondicionamento local de café-bar, sito na Praza das Pontes, nº 2-Cangas, de conformidade co proxecto da Arquitecta O.S.A. de data de visado en setembro de 2016.

EXPEDIENTE Nº 26.184.- A A.S.C., para cambio de tella de vivenda na Rosada, nº 51-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.185.- A J.B.M., para colocación de cancela no lugar Camiño da Fonte, nº 33-Espiñeira-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.186.- A M.V.C., para solado interior en edificación adxectiva sita na Debesa, nº 14-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.188.- A A.S.B., para reposición de material de cubrición en cuberta de caseta/garaxe sita en Menguíña, nº 25-Aldán.



Concello de Cangas

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 24/2011-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 16.11.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 24/2011-S, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 24/2011-S

De conformidade co art. 8 do Rd 1398/93, de 4 de agosto, e visto o xustificante de pagamento de data 18 de outubro do 2016, de J.R.P.A., en relación co expediente de sanción por infracción urbanística nº 24/2011-S ao seu nome.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento de sanción incoado a J.R.P.A. por ter realizado no lugar de Rabáns-O Hío, as obras de desmonte e recheo con muros de contención de manpostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m²., e un muro de contención de máis de 2,50 m. a menos de 4 m. do eixo".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 24/2011-S.

5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 28/2015-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 15.12.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 28/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 28/2015-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Arneles-O Hío, consistentes en: realizar un



Concello de Cangas

cerramento frontal a menos de 4 metros do eixo do camiño, así como un muro de contención cunha altura media de 1 metro arrimado ao lindeiro, cambio de rasante e cerramento perimetral cambiando o trazado dun camiño de paso de 1 metro de ancho (non inventariado).

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 16 de agosto do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecida ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, título V das Normas Urbanísticas II.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Abelardo Otero Tourón, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ó infractor que as sanción impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.C da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do chan de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.



Concello de Cangas

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe imporse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.-. Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 28/2015-S.

5.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 3/2016-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 14.12.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 3/2016-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 3/2016

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL



Concello de Cangas

Resultando que no lugar de Eduardo Vincenti, nº 4, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar reformas interiores para levar a cabo unha actividade de comercio de produtos deportivos.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados SPORT STRRET, SL, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 161.2 da Lei 2/16 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ó infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.C da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento de sanción a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.



Concello de Cangas

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SETIMO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 3/2016-S.

5.D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 10/2016-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 14.12.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 10/2016-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 10/2016-S



Concello de Cangas

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Cima de Vila-Darbo consistentes en: realizar un aproveitamento baixo cuberta.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 25 de agosto do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Y.G.A., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ó infractor que as sanción impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada Lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do chan de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento de sanción a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.



Concello de Cangas

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.-. Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 10/2016-S.

FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
CIVIS GLOBAL, SL	AVAL	4.188,00 €	OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA CASA DO MÉDICO DO HÍO

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 231/2016 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

Dáse conta de sentenza nº 231/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 102/2016, promovido por M.J.G.C.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 231/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 102/2016, promovido por M.J.G.C.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

8.A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE, S/ AXUDA ECONÓMICA DE MERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, relativa a axuda de emerxencia social, que di:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Don Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra)

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M.D.R.C., examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (399,38 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

9º.- PROPOSTA DE PRESENTACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN S/INADMISIÓN DA SOLICITUDE DO CONCELLO DE CANGAS, AO ABEIRO DA ORDE DO 22.06.2016, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Dáse conta da proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, de data 16 de decembro de 2016, de interposición de recurso de reposición no marco do expediente 06-2016.BS700A.AT por inadmisión da solicitude de subvención para o servizo de atención temperá solicitada ao abeiro da orde do 22 de xuño de 2016 (DOG nº 126 do 05.07.2016)

Vista a notificación de subdirectora xeral de Promoción da Autonomía Persoal da Consellería de Política Social de data 29.11.2016 (rexistro de entrada nº 16447 do 02.12.2016) pola que se comunica a resolución do conselleiro de Política Social de inadmisión da solicitude de subvención para o servizo de atención temperá solicitada ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2016 (DOG nº 126 do 05.07.2016) de conformidade co disposto nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, por medio da presente a Xunta de Goberno Local ACORDA a interposición de recurso de reposición contra dita Resolución perante a o conselleiro competente en materia de política social, con base nos seguintes ANTECEDENTES:

Primeiro.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 01.08.2016 por medio da que, ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2016, se solicita subvención con destino á prestación do servizo de atención temperá, por importe de cento corenta e tres mil catrocentos euros con sesenta e un céntimos (143.400,61 €).



Concello de Cangas

Segundo.- Comunicación da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Consellería de Política Social (registro de entrada nº 12.121 do 07.09.2016) por medio da que se require ao Concello para emendar determinados defectos na documentación presentada coa solicitude de subvención.

Terceiro.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.09.2016 por medio do que, ao abeiro do requirimento de emenda realizado pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, se emenda a solicitude de subvención con destino á prestación do servizo de atención temperá, sendo o importe solicitado de cento trinta e cinco mil setecentos nove euros con trinta e dous céntimos (135.709,32 €) dun total de cento cincuenta mil setecentos oitenta e oito euros con trece céntimos (150.788,13 €).

Cuarto.- Resolución do conselleiro de Política Social de data 29.11.2016 (registro de entrada nº 16447 do 02.12.2016) pola que se inadmite a solicitude de subvención con destino á prestación do servizo de atención temperá.

Quinto.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.12.2016 de interposición de recurso de reposición contra dita resolución e polo que se faculta á Alcaldía para a súa presentación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A resolución impugnada dispón o seguinte:

1.- Que non se cumpriu o requisito de acreditar a representación fidedigna do alcalde por calquera medio válido en dereito.

A este respecto debe indicarse que o artigo 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. *"Así mesmo, as administracións públicas non requirirán aos interesados datos (...) que fosen achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración"*.

A estes efectos debe sinalarse que a representación do alcalde de Cangas, Xosé Manuel Pazos Varela, xa foi acreditada con anterioridade perante a Consellería de Política Social, mediante certificado de secretaría, tal e como consta na solicitude de convenio de colaboración para promover o funcionamento do Centro Sociocomunitario de Cangas para o ano 2016 remitida en data 05.01.2016. (Registro número 131 RX 19700)



Concello de Cangas

Así mesmo debe terse en conta que o Concello de Cangas figura inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E0645, onde constan actualizados os datos do representante legal do Concello.

2.- Que as cifras que figuran no Anexo I (solicitud) non se corresponden co contido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local reflectido no Anexo II, por figurar importes obxecto de solicitud diferentes.

O acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.09.2016 (achégase certificado de Secretaría deste) establece como importes a solicitar con cargo á subvención para a prestación do servizo de atención temperá os seguintes:

Actuación	Servizo	Atención	Gastos de persoal segundo custo unitario por horas traballadas [art 7.4]	
Temperá				
<i>Períodos</i>			<i>Custos totais</i>	<i>Importe que se solicita</i>
<i>Do 1.1.2016 ao 31.12.2016</i>			<i>82.248,02</i>	<i>74.023,22</i>
<i>Do 1.1.2017 ao 31.10.2017</i>			<i>68.540,11</i>	<i>61.686,10</i>
<i>Totais</i>			<i>150.788,13</i>	<i>135.709,32</i>

Efectivamente no Anexo I da solicitud cometeuse un erro ao figurar como importes da subvención solicitada os importes correspondentes aos custos totais do servizo de atención temperá, importes que sí se cubriron correctamente no Anexo II, onde figuran tanto os custos totais coma os importes que se solicitan con cargo á subvención para a prestación do servizo de atención temperá.

Trátase dun erro humano ao transcribir as cantidades económicas que figuraban no acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de setembro de 2016 tal e como se evidencia se atendemos tanto ao número de horas efectivamente traballadas que constan no Anexo I como ás contías que figuran no Anexo II.

3.- Que o acordo da Xunta de Goberno foi adoptado o 12.09.2016, polo tanto fóra do prazo de presentación de solicitudes.

Debe sinalarse que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno 12.09.2016 trátase dunha mera corrección de erros do acordo de solicitud de subvención para a prestación do servizo de atención temperá adoptado na sesión de 01.08.2016 (achégase certificado de Secretaría deste) polo tanto, o acordo foi adoptado con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, tal e como esixe o artigo 5.4 da orde de convocatoria.

Como se indica no apartado 2 deste recurso, achégase certificado de Secretaría debidamente asinado do acordo da Xunta de Goberno Local de 12.09.2016,



Concello de Cangas

onde consta a sinalada corrección de erros do acordo adoptado o 01.08.2016 e que subsana a omisión de sinatura do Anexo II.

Segundo.- De conformidade co exposto no apartado primeiro, queda acreditado que as causas polas que se inadmite a solicitude de subvención para o servizo de atención temperá solicitada ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2016 son meros erros na remisión da documentación, cumprindo o Concello de Cangas a totalidade dos requisitos esixidos na Orde do 22 de xuño de 2016 (DOG nº 126 do 05.07.2016) para percibir a subvención, tanto en relación á condición de entidade beneficiaria, coma ás accións subvencionables, ao funcionamento do servizo de atención temperá e ao persoal que o presta.

Terceiro.- Xustificación da necesidade a Aula de Atención Temperá en Cangas.

A Aula de atención temperá do Concello de Cangas abriu as súas portas en xullo de 1999. Neste primeiro curso atendéronse as necesidades de 11 nenos e nenas deste mesmo Concello con diferentes necesidades educativas especiais. Co paso dos anos o número de usuarios/usuarias foi aumentando progresivamente ata chegar as cifras actuais que son de 45 nenos/nenas atendidos neste ano 2016 e con previsión de incremento neste ano 2017.

En novembro de 2015 iniciouse un novo ciclo deste servizo, que a Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas pretende que sexa continuo no tempo e na atención desenvolva polas tres profesionais que neste momento desempeñan o seu traballo neste servizo municipal, porque en definitiva buscase regularizar e dignificar os actuais recursos. Isto unido ao inicio de novas propostas de intervención cos menores como son: fisioterapia na piscina, atención a domicilio, charlas formativas para familias, programas de prevención ..., fan que o crecemento desta Aula de Estimulación sexa continuo e necesite dun gran esforzo económico por parte da Corporación Municipal.

O desenvolvemento da actividade da Aula de Atención Temperá lévase a cabo nas dependencias de Servizos Sociais, sita no Edificio Xoia (rúa Andalucía, nº 3 baixo).

Cangas pertence á comarca do Morrazo (Pontevedra), e ten 26.412 habitantes, unha superficie de 38'1 km² e unha densidade poboacional de 686,95 hab/km². Sendo a poboación de 0-6 anos dun total de 1718 persoas. Conta cun total de 13 centros educativos, 2 escolas infantís Galiña Azul e 4 escolas infantís privadas. A nivel sanitario conta con centro de saúde en Cangas e Aldán e cun consultorio médico no Hío.

Sitúase á ribeira da ría de Vigo e do Océano Atlántico. Limita co mar polo sur e oeste, co municipio de Moaña polo este e con Bueu polo norte. Consta de cinco parroquias: Aldán, Cangas, Coiro, Darbo e O Hío.



Concello de Cangas

As actividades que se desenvolven no servizo son:

- a) Diagnose e valoración
- b) Desenvolvemento psicomotor
- c) Desenvolvemento cognitivo
- d) Linguaxe e comunicación
- e) Autonomía
- f) Area social e afectiva
- g) Apoio, información, habilitación e formación familias
- h) Coordinación cos servizos sanitarios e educativos

Os recursos humanos cos que conta o Concello de Cangas para atender a Aula de Atención Temperá son:

Pedagoga: coas seguintes funcións de valoración, desenvolvemento cognitivo e da área social e afectiva, apoio a familias e coordinación.

Mestra audición e linguaxe: coas seguintes funcións de valoración, apoio a familias, desenvolvemento linguaxe e comunicación

Fisioterapeuta: coas seguintes funcións de valoración, apoio familias, desenvolvemento psicomotor e autonomía.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, SOLICITA:

Primeiro.- Que se teña por presentado este escrito, sírvase admitilo e téñase por interposto en tempo e forma RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra Resolución do conselleiro de Política Social de data 29.11.2016 (registro de entrada nº 16447 do 02.12.2016) polo que se inadmite a solicitude de subvención con destino á prestación do Servizo de Atención Temperá.

Segundo.- Se dite resolución conforme a dereito por medio da que se conceda ao Concello de Cangas a subvención solicitada para a prestación do Servizo de Atención Temperá.

10º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA DA XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE CANGAS (SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2016)



Concello de Cangas

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 07.12.2016, referente a aprobación da conta xustificativa da axuda da xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello de Cangas, durante os meses de setembro, outubro e novembro de 2016, que é como segue:

"RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA DA XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE CANGAS, SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2016.

De conformidade coa documentación que consta no expediente da subvención concedida a este Concello ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello, 2015-2017 e de conformidade coa cláusula terceira, a Consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP A Rúa, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira-Aldán e CEIP Nazaret, mediante unha achega económica de oitenta mil cen euros (80.100 €), dividida en tres anualidades e importes, ano 2015: doce mil trescentos setenta e cinco euros (12.375,00 €); ano 2016: corenta mil cincuenta euros (40.050,00 €); e ano 2017: vinte e sete mil seiscentos setenta e cinco euros (27.675,00 €).

De conformidade coa certificación da Intervención do gasto contabilizado, aprobado e pagado correspondente aos meses de setembro, outubro e novembro do 2016.

De conformidade coa memoria e informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, esta Alcaldía, RESOLVE:

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a este Concello mediante o convenio de colaboración para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello 2015-2017, correspondente aos meses de SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2016, polo importe total de trece mil cento corenta e tres euros e noventa e un céntimos //13.143,91 €//, * por terse cumprido coa finalidade da axuda concedida * por aplicarse os fondos ao conveniado e * por terse tomado razón na contabilidade de todos os gastos que se xustifican na partida 326-22799-01 do orzamento vixente, de conformidade co seguinte desglose:*

- Colexio Público da Espiñeira: mil catrocentos dez euros con trinta céntimos (1.410,30 €).

- Colexio Público da Rúa: dous mil seiscentos sesenta e tres euros con oitenta e oito céntimos (2.663,88 €).



Concello de Cangas

- Colexio Público do Hío: mil cincocentos corenta e dous euros con setenta e dous céntimos (1.542,72 €).

- Colexio Público de Nazaret: sete mil cincocentos vinte e sete euros con un céntimo (7.527,01 €).

Preceptor e NIF	Nº factura, data e concepto e colexio	Órgano e data aprobación factura	Importe líquido € aprobado e pagado	Pagamento mediante transferencia bancaria e DATA PAGAMENTO
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000321 09/11/2016 comidas Setembro ESPIÑEIRA	Resolución Alcaldía 11/11/2016	178,20	22/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000322 09/11/2016 becados Setembro ESPIÑEIRA	Resolución Alcaldía 11/11/2016	156,60	22/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000323 09/11/2016 comidas Setembro A RÚA	Resolución Alcaldía 11/11/2016	461,70	22/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000324 09/11/2016 BECADOS Setembro A RÚA	Resolución Alcaldía 11/11/2016	101,79	22/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000325 09/11/2016 comidas Setembro O HÍO	Resolución Alcaldía 11/11/2016	206,10	22/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000326 09/11/2016 becados Setembro O HÍO	Resolución Alcaldía 11/11/2016	144,86	22/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000327 09/11/2016 comidas Setembro NAZARET	Resolución Alcaldía 11/11/2016	844,20	22/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000328 09/11/2016 Becados Setembro NAZARET	Resolución Alcaldía 11/11/2016	890,00	22/11/2016
ALIMENTACIÓN	8500000511	Resolución	291,60	29/11/2016



Concello de Cangas

SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	09/11/2016 comidas outubro ESPIÑEIRA	Alcaldía 11/11/2016		
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000510 09/11/2016 Becados Outubro ESPIÑEIRA	Resolución Alcaldía 11/11/2016	198,36	29/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000509 09/11/2016 comidas Outubro A RÚA	Resolución Alcaldía 11/11/2016	829,80	29/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000508 09/11/2016 becados Outubro A RÚA	Resolución Alcaldía 11/11/2016	163,77	29/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000513 09/11/2016 comidas Outubro O HÍO	Resolución Alcaldía 11/11/2016	361,80	29/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000512 09/11/2016 becados outubro O HÍO	Resolución Alcaldía 11/11/2016	179,05	29/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000515 09/11/2016 comidas outubro NAZARET	Resolución Alcaldía 11/11/2016	1.366,20	29/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000514 09/11/2016 becados outubro NAZARET	Resolución Alcaldía 11/11/2016	1.271,69	29/11/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000584 30/11/2016 comidas novembro ESPIÑEIRA	Resolución Alcaldía 07/12/2016	366,30	07/12/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000585 30/11/2016 becas novembro ESPIÑEIRA	Resolución Alcaldía 07/12/2016	219,24	07/12/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE	8500000582 30/11/2016	Resolución Alcaldía	936,00	07/12/2016



Concello de Cangas

GALLEGA COMEDORES B27831783	comidas novembro A RÚA	07/12/2016		
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000583 30/11/2016 becas novembro A RÚA	Resolución Alcaldía 07/12/2016	170,82	07/12/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000586 30/11/2016 comidas novembro O HÍO	Resolución Alcaldía 07/12/2016	393,30	07/12/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000587 30/11/2016 becas novembro O HÍO	Resolución Alcaldía 07/12/2016	257,61	07/12/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000583 30/11/2016 comidas novembro NAZARET	Resolución Alcaldía 07/12/2016	1.636,20	07/12/2016
ALIMENTACIÓN SAUDABLE GALLEGA COMEDORES B27831783	8500000583 30/11/2016 becas novembro NAZARET	Resolución Alcaldía 07/12/2016	1.518,72	07/12/2016
TOTAL			13.143,91 €	

Segundo.- Declarar que o Concello de Cangas non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para este mesmo fin que se xustifica e que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia.

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas está ao corrente coas obrigas tributarias.

Cuarto.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita, referente a aprobación da



Concello de Cangas

conta xustificativa da axuda da xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello de Cangas, durante os meses de setembro, outubro e novembro de 2016.

11º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE

Dáse conta de sinatura o día 24 de novembro de 2016 de convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 24 de novembro de 2016 de convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e Concellería de Servizos Sociais.

12º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE PROTOCOLO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA CAMPAÑA "25 N EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA"

Dáse conta de sinatura o día 17 de novembro de 2016 de protocolo de colaboración entre os concellos de Allariz, Ames, Cangas, Carballo, Coruña, Ferrol, Lugo, Poio, Pontevedra; Ribadeo, Sada, Santiago de Compostela, Sarria, Teo, Tui, Vilalba e Zas, para organización da campaña "25N EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o 17 de novembro de 2016 de protocolo de colaboración entre os concellos de Allariz, Ames, Cangas, Carballo,



Concello de Cangas

Coruña, Ferrol, Lugo, Poio, Pontevedra; Ribadeo, Sada, Santiago de Compostela, Sarria, Teo, Tui, Vilalba e Zas, para organización da campaña "25N EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e Concellería de Servizos Sociais.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

13º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA NO MERCADIÑO MUNICIPAL

Examinada a proposta do día 19.12.2016 da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, relativa a tramitación de autorización do posto de venda ambulante, nº 4 do Mercadiño Municipal, que di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE, Nº 4

Por escrito de data de rexistro de entrada 18.11.2016, I.V.I. con enderezo en Rúa Redondo, nº 95-Moaña, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de S.D.B., domiciliado en rúa Manuel Rodríguez, nº 80-Porriño, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece no seu artigo 76, que as licencias serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos nesta polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente S.D.B.



Concello de Cangas

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 4 do mercado dos martes e venres, da que era titular I.V.I. a favor de S.D.B., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, Estatística e Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita, referente a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 4 do Mercadiño Municipal.

PARTICIPACIÓN VECIÑAL, TRANSPARENCIA E ASOCIACIONISMO

14º.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO “SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”

Dáse conta de escrito de data 09.12.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a aprobación de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a implantación do proxecto “SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito referido da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000



Concello de Cangas

habitantes, para a implantación do proxecto "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS".

Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura do convenio.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SITUACIÓN DE INSALUBRIDADE EN RÚA FAIXA Nº 5

Dáse conta de informe emitido o día 18.12.2016 pola Policía Local, referente a posible situación de insalubridade en rúa Faixa, nº 5, que di o seguinte:

"Nº REX: 2375/16

ASUNTO: posible situación de insalubridade na Rúa Faixa, nº 5

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052026 e A-052034, por medio do presente, informan:

Que sendo as 13:30 horas do día da data, recíbense queixas de veciños/veciñas da rúa Faixa denunciando que nun dos baixos do nº 5, unha veciña acumulaba grandes cantidades de excrementos de can que provocaban un forte e desagradable cheiro.

Que presentados no lugar pódese comprobar como na parte exterior do baixo do nº 5 da rúa Faixa había depositadas dúas bolsas de lixo grandes de cor azul cunha gran cantidade de excrementos e restos de papeis cheos de excrementos de can.

Que do interior e a través da parte inferior da porta de acceso, saen restos de excrementos.

No lugar hai un cheiro moi forte e desagradable.

Que no interior do baixo escoitase un can, que podería estar padecendo sufrimentos importantes, dado que posiblemente estea no interior sen luz natural, así como nun lugar insalubre posto que do interior saen restos dos seus excrementos ao exterior.



Concello de Cangas

Que ao presente achégase informe fotográfico”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do informe emitido pola Policía Local e remitir o presente acordo achegado do informe referido ao Servizo de Medio Ambiente de Seprona.

B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/ACUMULACIÓN DE CUNCHA DE MEXILLÓN EN ALDÁN

Dáse conta de informe emitido o día 13.12.2016 pola Policía Local, referente a acumulación de cuncha de mexillón en Aldán, que di o seguinte:

"Nº REX: 2363/16

ASUNTO: ACUMULACIÓN DE CUNCHA DE MEXILLÓN EN ALDÁN

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e 052026, por medio do presente, informan:

Que sendo as 13:30 horas do día da data, por orden do Sr. alcalde, comisionase á patrulla actuante á parroquia de Aldán, concretamente a unha zona de monte que está detrás das naves da canteira de Rodal, á que se accede por un camiño de terra a man dereita ao pasar o campo de fútbol do Rápido Bahía, xusto na zona do límite territorial con Bueu, co obxectivo de comprobar unha posible vertedura de restos de cuncha de mexillón.

Que unha vez no lugar, pódese observar que existe unha acumulación de restos de cuncha, pero non se visualiza ningún vehículo realizando ditas tarefas.

Que feitas as indagacións pertinentes e tras falar con R.M.C., administrador da empresa PESCADOS MARCELINO, con enderezo en Avda. José Graña nº 74- Aldán, este manifesta que son os responsables de dita acumulación. Que solicitaron permiso a PROMALAR, propietarios do terreos para poder realizar alí a acumulación temporal da cuncha de mexillón para o seu posterior traslado a Santiago a un centro xestor deste tipo de residuos.

Manifesta ademais que normalmente estes residuos van nos camións directamente ao xestor de residuos en Santiago, pero cando os residuos son escasos e non enchen os camións, deciden acumulalos nese lugar ata que teñen a cantidade suficiente para o seu traslado a Santiago. Que no lugar non queda nada, que simplemente é unha acumulación temporal e que todo vai parar finalmente a un xestor autorizado.



Concello de Cangas

Achégase reportaxe fotográfica e mapa cartográfico catastral da situación doa acumulación temporal”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do informe emitido pola Policía Local e remitir o presente acordo achegado do informe referido ao Servizo Municipal de Medio Ambiente para a apertura do correspondente expediente de sanción.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente